



## FICHA DE SOLICITUDE

### **COMEDOR ESCOLAR CEIPP CAMIÑO INGLÉS** **CURSO 2024-2025**

#### DATOS PERSOAIS DO/A MENOR

- APELIDOS: \_\_\_\_\_ NOME \_\_\_\_\_
- DATA DE NACEMENTO: \_\_\_\_\_
- CURSO ESCOLAR: \_\_\_ INFANTIL \_\_\_ PRIMARIA
- D.N.I.: \_\_\_\_\_
- ENDEREZO: \_\_\_\_\_
- TELÉFONO: \_\_\_\_\_

#### DATOS FAMILIARES

- NOME COMPLETO DA 1º PERSOA PROXENITORA, TITOR/A:  
\_\_\_\_\_
- DNI: \_\_\_\_\_ TLF : \_\_\_\_\_
- CORREO ELECTRÓNICO: \_\_\_\_\_
- NOME COMPLETO DA 2º PERSOA PROXENITORA, TITOR/A:  
\_\_\_\_\_
- DNI: \_\_\_\_\_ TLF : \_\_\_\_\_
- CORREO ELECTRÓNICO: \_\_\_\_\_

#### SERVIZOS SOLICITADOS

- PARTICIPARÁ NA MODALIDADE DE COMEDOR:
  - MENSUAL (55€ MENSUAL)     Data de inicio: \_\_\_\_\_
  - DIAS SOLTOS (5€ DIARIO)     \* Para utilizar este servizo cómpre avisar á empresa adxudicataria 72 horas antes do día en que se precise.

#### CUESTIÓNS ALIMENTARIAS A TER EN CONTA:

- ALERXIAS    Especificar: \_\_\_\_\_
- INTOLERANCIAS    Especificar: \_\_\_\_\_

#### AUTORIZACIÓNS PARA RECOLLER AO USUARIO/A:

NOME E APELIDOS: \_\_\_\_\_ DNI: \_\_\_\_\_  
NOME E APELIDOS: \_\_\_\_\_ DNI: \_\_\_\_\_

#### FORMA DE PAGAMENTO:

ABOAMENTO EN CONTA: \_\_\_\_\_ € MENSUAIS

DESCONTO POR FAMILIA NUMEROSA

Autorizo ao Concello de Oroso ao cobro mediante domiciliación bancaria de dito servizo neste curso escolar 2024/2025 segundo o mandato de domiciliación adxunto a esta solicitude.

### **ACEPTACIÓN DA ORDENANZA DE PREZOS PÚBLICOS**

Don/Dona: \_\_\_\_\_  
con D.N.I.: \_\_\_\_\_ como pai/nai/titor/titora do/a menor usuario/a, ACEPTO a ordenanza reguladora do prezo público pola prestación de servizos complementarios de educación nos colexios públicos de educación infantil e primaria do Concello de Oroso.

### **DECLARACIÓN E OBRIGAS (marcar as que se lle apliquen):**

- Coñezo a tarifa de prezos vixente para o servizo de Comedor escolar e acepto a súa normativa.
- Entrego a totalidade da documentación solicitada para formalizar a matrícula neste servizo.
- Realizo o pago da matrícula correspondente a este curso escolar 2024/2025 no caso de novas altas.
- Autorizo ao persoal da empresa que xestiona este servizo ao traslado do meu/miña fillo/a no caso de urxencia ao centro médico máis próximo.
- A baixa ou variacións en dito servizo deberán realizarse por escrito e presentarse no rexistro municipal no mes anterior a dito cambio.
- No caso de días soltos, hai que avisar 72h antes do día en que se precise o servizo de Comedor Escolar nas oficinas da empresa adxudicataria.

### **DOCUMENTACIÓN A ENTREGAR:**

- Ficha de matrícula
- Xustificante de pago da matrícula correspondente a este curso 2024/2025 no caso de novas altas
- Tarxeta sanitaria (presentar en rexistro para o seu escaneo)
- Certificado ou informe médico se o usuario/a presenta algún tipo de enfermidade, intolerancia ou alerxia a ter en conta pola empresa encargada da xestión do servizo
- Título de familia numerosa ou documentación acreditativa de ser o caso
- DNI das persoas proxenitoras e das persoas autorizadas (presentar en rexistro para o seu escaneo)
- 1 fotografía tamaño carné (ENTREGARASE ÁS RESPONSABLES CANDO O/A MENOR COMECE O SERVIZO CORRESPONDENTE NO CENTRO EDUCATIVO)

### **AS SOLICITUDES INCOMPLETAS EN DATOS OU DOCUMENTACIÓN PODERÁN SER ANULADAS.**

Sigüeiro \_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2024

Asdo.

## INFORMACIÓN AVANZADA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS – SERVICIO COMEDOR ESCOLAR

Vostede, D./Dª. \_\_\_\_\_ con DNI \_\_\_\_\_, declara ser titor/a de \_\_\_\_\_ e polo tanto, procedemos a informarlle do tratamento de datos de carácter persoal que faremos.

O Responsable de Tratamento dos seus datos persoais é CONCELLO DE OROSO, con dirección en PRAZA ISAAC DIAZ PARDO Nº1, 15888 - SIGÜEIRO (A CORUÑA); info@orosogal.

1.- O Delegado de Protección de Datos do CONCELLO DE OROSO é Servicios de Adaptación Continua en Protección de Datos RB, S.L. có que poderá contactar en info@orosogal

2.- Finalidade Do Tratamento: Os datos serán utilizados para atender a súa solicitude de acollerse ao programa “Comedor escolar”, que consiste en: Atención, coidado e custodia nas instalación dos centros educativos aos nenos matriculados antes do inicio da xornada escolar durante o horario definido no Regulamento do servizo, así como a atención educativa apropiada aos nenos desta idade, de conformidade ca normativa aplicable. Así como para a prestación do servizo de almorzo, de acordo co Regulamento do servizo para os usuarios interesados así como para levar a cabo a xestión administrativa que se poida derivar da mesma: admisión, matrícula... Datos De Saúde: Co único fin de salvagardar a seguridade do menor, poderemos solicitarlle información sobre o seu estado de saúde, alerxias ou intolerancias alimentarias. De este xeito evitaremos calquera incidente á hora de prestar o servizo. Deberá terse en conta que, no caso de omitir algún tipo de información ou de que non nos informe correctamente, poderán producirse danos no menor do que só vostede será responsable. O feito de que non nos facilite parte da información solicitada poderá supoñer a imposibilidade de admisión na Escola Infantil do CONCELLO DE OROSO. Uso De Fotografías: Co fin de promocionar as actividades organizadas, gustaríanos que nos autorizase a utilizar as fotografías do menor nas redes sociais e/ou páxina web <http://www.concellooroso.com/> deste Concello. Por favor, marque a casa que se axuste aos permisos que quere darnos:

- Si, dou o meu consentimento para que se publiquen as fotografías do/a menor a través das redes sociais e da páxina web mencionada.**
- Non dou o meu consentimento para que se publiquen as fotografías do/a menor a través das redes sociais e da páxina web mencionada.**

Prazo De Conservación: os datos facilitados conservaranse durante o tempo necesario para poder atender a súa solicitude, así como para dar cumprimento legal ás xestións administrativas derivadas da prestación do servizo e sempre que se vexa cumprido o prazo de prescrición de posibles responsabilidades derivadas do tratamento. 3.- Lexitimación: Este tratamento de datos persoais está lexitimado pola Lei 3/2008, de 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia en concordancia co artigo 6 da Lei 3/2011, do 30 de xuño, de Apoio á Familia e Convivencia de Galicia e/ou polo consentimento que nos outorga coa firma da presente circular. Para o uso de fotografías, a lexitimación baséase única e exclusivamente no seu consentimento. Por iso, non poderemos utilizar os datos persoais do menor con estes fins, salvo que vostede marque a casa na que nos outorga o seu consentimento.

4.-Destinatarios De Cesións: Os datos facilitados poderán ser obxecto de cesión a terceiros para o cumprimento de funcións directamente relacionadas cós fins lexítimos dos Servizos Sociais do Concello e, en particular, poderán ser comunicados ás seguintes entidades:

- CONCELLO DE OROSO cederá os seus datos de carácter persoal á empresa SONAGA GESTIÓN, S.L, contratada para desenvolver as actividades indicadas na finalidade da presente circular, coa intención única de prestar o servizo para o que se lle contratou.
- Empresas, provedores e administracións públicas colaboradoras dos Servizos Sociais do CONCELLO DE OROSO directamente relacionadas coa prestación dos servizos propios deste negociado.
- Forzas e corpos de seguridade do Estado, policía local, servizos de emerxencia, servizos sociais, servizos de saúde e benestar coa finalidade de prestar unha atención integral ós usuarios.
- Órganos xurisdiccionais, en orde a manter unha cooperación e coordinación axeitada coa Administración de Xustiza. En caso de solicitude de subvencións ou outro tipo de axudas económicas, os datos persoais facilitaríanse a todas as administracións públicas con competencia na materia, por ser xestoras das mesmas.

5.- Dereitos: Ten vostede dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento en calquera momento e solicitar a portabilidade dos mesmos. CONCELLO DE OROSO dispón de formularios específicos para facilitarlle o exercicio dos seus dereitos. Pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar os nosos formularios, nas nosas instalacións ou por correo electrónico en info@orosogal, sempre acompañados dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade. Se considera que non atendemos correctamente os seus dereitos, poderá formular unha reclamación ante a Agencia Española de Protección de datos, a través das seguintes vías:

- Sede electrónica: [www.aepd.es](http://www.aepd.es)
- Correo postal: C/ Jorge Juan 6, 28001 – Madrid
- Teléfono: 901 100 099 – 91 266 35 17

**Sigüeiro \_\_\_\_ de \_\_\_\_ de 2024**

**Asdo.**



CONCELLO  
DE OROSO

